



Cámara Oficial
Mineira de Galicia

Oficina de Impulso
de Proxectos Europeos

XORNADA DE PRESENTACIÓN



**OFICINA PARA A CAPTACIÓN, A COORDINACIÓN E O
SEGUIMENTO DE FONDOS EUROPEOS DE INVESTIGACIÓN,
INNOVACIÓN E MODERNIZACIÓN (OIPE)**

Co apoio de:



XUNTA
DE GALICIA

ÍNDICE

1

QUE PAPEL TEN A OIPE NO MARCO DA AXENDA DE IMPULSO DE MINERÍA SOSTIBLE DE GALICIA 2030?

2

CAL É O OXECTIVO DA OIPE?

3

CALES SON AS FUNCÍONS DA OIPE?

4

QUE SERVIZOS PRESTA A OIPE ÁS EMPRESAS?

QUE PAPEL TEN A OIPE NO MARCO DA AXENDA DE IMPULSO DE MINERÍA SOSTIBLE DE GALICIA 2030?

A creación da oficina contextualízase no marco da **Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia 2023 (AMSG).**

O novo modelo industrial para conseguir **unha economía descarbonizada e dixitalizada** require de materias primas e procesos de produción eficientes. Por esta razón, a industria das materias primas minerais desempeña un papel clave como provedora de materias primas tanto primarias como secundarias.



QUE PAPEL TEN A OIPE NO MARCO DA AXENDA DE IMPULSO DE MINERÍA SOSTIBLE DE GALICIA 2030?



O sector mineiro é estratéxico en Galicia, xa que proporciona materias primas a moitos dos sectores considerados fundamentais para a nosa economía.

Conscientes destes retos e da importancia do sector mineiro galego, a Xunta de Galicia decide crear a OIPE, que xorde da colaboración entre a COMG e a Consellería de Economía, Industria e Innovación. Porase así o foco no tecido empresarial e produtivo galego e outorgaráselle un papel protagonista para, posteriormente, **avanzar cara ao fortalecemento do sector mineiro** e o posicionamento de Galicia como o epicentro do sector.

CAL É O OXECTIVO DA OIPE?

A IOPE nace co obxectivo de prestarlles **servizos, apoio e asesoramento tanto á Administración Pública como ás empresas do sector mineiro** na captación de diferentes liñas de financiamento europeas no plano da I+D+i, todo iso baixo o marco da Axenda de Impulso á Minería Sostible de Galicia.

Deste xeito, o seu labor é o de **mobilizar os diferentes axentes económicos, sociais e institucionais do sector**, incentivando o impulso de proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación para a modernización e a mellora dos procesos e os servizos.





**CALES SON AS FUNCÍONS DA OFICINA DE
IMPULSO DE PROXECTOS EUROPEOS?**

CALES SON AS FUNCIONS DA OIPE?

Con base nos seus obxectivos, a OIPE levará a cabo toda unha serie de actuacións aliñadas coa AMSG:



Consultar, analizar e dar resposta ás necesidades da industria mineira en materia de innovación tecnolóxica aliñadas coa Axenda.

Isto permitirá identificar os **proxectos estratéxicos** para o sector aliñados coas convocatorias de financiamento europeo e posibles procesos de compra pública innovadora.

Dende o pasado mes de setembro a OIPE está a realizar un **cuestionario de consulta** ao sector. O seu obxectivo é detectar todas as necesidades particulares dos diferentes axentes, así como as necesidades da industria mineira galega a nivel global. Todo iso ten como finalidade identificar proxectos estratéxicos e liñas de financiamento e investimento público coas que configurar solucións tecnolóxicas nos diferentes ámbitos das entidades que conforman o sector.

CALES SON AS FUNCIONES DA OIPE?

RESULTADO DO PROCESO PARTICIPATIVO

Na maioría das consultas realizadas, as entidades consideran que teñen necesidades de diagnóstico e asesoramento personalizado para o **desenvolvemento dun plan de mellora en innovación e desenvolvemento tecnolóxico**.

As necesidades detectadas polas entidades son as seguintes:

- 🕒 Desenvolvemento e/ou obtención de materiais avanzados.
- 🕒 Economía circular.
- 🕒 Redución do impacto ambiental.
- 🕒 Control ambiental, seguimento da fauna e flora circundantes.
- 🕒 Transición enerxética.
- 🕒 Transición dixital (intelixencia artificial, automatización de procesos...).
- 🕒 Protección de datos e privacidade.
- 🕒 Fábrica intelixente.



CALES SON AS FUNCIONS DA OIPE?

RESULTADO DO PROCESO PARTICIPATIVO

Dentro dos ámbitos nos que se atopan as necesidades detectadas, especifícase:

- Incremento da cadea de valor a través de proxectos de economía circular.
- Eficiencia no proceso produtivo.
- Normativa clara e uniforme, axudas para a implantación de medidas sostibles que inclúan as grandes empresas.
- Dixitalización e seguimento de procesos, alternativas de xeración de calor, eficiencia enerxética.
- Mellora dos procesos de concentración para a obtención de produtos comercializables.
- Tecnoloxías viables á cocción con gas - descarbonización.



CALES SON AS FUNCIONS DA OIPE?

Programas de financiamento para as necesidades detectadas.



PERTE Economía Circular. Fundación Biodiversidade:

Incremento da cadea de valor; desenvolvemento e obtención de materiais avanzados; eficiencia no proceso produtivo; redución do impacto ambiental.



PERTE Descarbonización Industrial. MINCOTUR:

Descarbonización dos procesos produtivos; mellora da eficiencia enerxética; promoción do uso de enerxías renovables; fomento da mellora ambiental.



Programa Horizonte Europa:

Proxectos, xeralmente en colaboración transnacional, en todas as fases do proceso que leva da investigación ao mercado: investigación, desenvolvemento tecnolóxico, demostración e innovación.



Programas do CDTI: Misiões de Ciencia e Innovación; Programa NEOTEC; Programa CIEN:

Proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación.

CALES SON AS FUNCIONS DA OIPE?



Programas da Axencia Estatal de Investigación

Áreas: Enerxía e Medio Ambiente; Ciencias e Tecnoloxías Medioambientais.



Programas do IDAE:

Programa Hidróxeno Renovable; Programa Almacenamento Enerxético; Programa Comunidades Enerxéticas.



Programas de Red.es (Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital):

Programa de Intelixencia Artificial; Fábrica Intelixente; Kit Dixital.



INCIBE:

Impulso do ecosistema empresarial do sector da ciberseguridade.

CALES SON AS FUNCIONS DA OIPE?



Consultar, analizar e dar resposta ás necesidades da industria mineira en materia de innovación tecnolóxica aliñadas coa Axenda.

Coa información obtida a través da consulta, proximamente:

- Realizarase un **obradoiro específico** para as convocatorias consorciadas, coa finalidade de que a OIPE e as entidades que forman parte da cadea de valor do sector poidan cooperar na captación de proxectos.
- Realizarase unha **busca de sinerxías** con outros sectores coa finalidade de identificar proxectos conxuntos.

CALES SON AS FUNCÍONS DA OIPE?



Realizar un labor de vixilancia das diferentes liñas europeas de financiamento no plano da I+D+i.

Para iso, a OIPE realiza a publicación dun **boletín quincenal** coa actualización continuada dos diferentes programas de financiamento europeo e as súas correspondentes axudas vixentes e próximas para o desenvolvemento de proxectos no ámbito d I+D+i e o investimento en novas tecnoloxías relevantes para o sector.



CALES SON AS FUNCIONES DA OIPE?



Prestar apoio na formulación de propostas, a captación e a administración das liñas de financiamento, ademais de brindar soporte nos requirimentos das fases de avaliación.

Coa **identificación de necesidades**, proxectos tractores e financiamento europeo cos que mellor se aliñen, a OIPE participará no desenvolvemento das propostas que conformarán as candidaturas mediante:

Deseño da idea de proxecto e adaptación ás esixencias do programa ao que se vai presentar a candidatura

Conformación do consorcio

Procura de socios e avaliación da idoneidade

Elaboración do persoal de traballo para a elaboración da candidatura *offline*

Desenvolvemento detallado das accións por cada socio

Elaboración do orzamento estimado do proxecto por socio

Recompilación da documentación administrativa requirida na candidatura e recollida de sinaturas dos socios

Presentación da solicitude ante o Secretariado Técnico Conxunto no formato requirido

Acompañamento aos socios do proxecto durante o proceso de presentación da candidatura

CALES SON AS FUNCIONS DA OIPE?



Desenvolvemento dunha base de datos de posibles proxectos tractoros para implantar en Galicia recollidos a través das manifestacións de interese e dos procesos de consulta.



Estará proximamente dispoñible ao público no apartado correspondente á OIPE da web da COMG.

- Mediante esta base de datos, quen o desexe poderá consultar de xeito actualizado todas as propostas levadas a cabo, as viventes e os proxectos xa desenvolvidos e os seus resultados.
- Ademais, enriquecerase progresivamente con todas as propostas e manifestacións de interese a través, entre outros, do seguinte enderezo de correo electrónico.



camaraimpulsa@camaraminera.org


Isto constitúe unha ferramenta para os axentes económicos á hora de compartir e/ou identificar propostas tractoras no sector e de realizar unha busca de sinerxías, partners e consorcios.

PROXECTO POCTEP - OBXECTIVO

Presentación dunha candidatura **POCTEP**.

Enfoque **plurirrexional** no que participarán entidades de Galicia, Castela e León, Extremadura e Andalucía, en España, e Norte e Centro de Portugal, así como Alentejo, ao outro lado da fronteira.

O obxectivo deste proxecto será o impulso das cadeas globais de subministración dos sectores estratéxicos (enerxía, industria, mobilidade...) de cada rexión, para poñerlles á súa disposición recursos onde poidan identificar os minerais, como **materias primas clave para a súa produción.**



NUTS3 ESPAÑA

GALICIA

A Coruña
Lugo
Ourense
Pontevedra

CASTILLA Y LEÓN

Ávila
León
Salamanca
Valladolid
Zamora

EXTREMADURA

Badajoz
Cáceres

ANDALUCÍA

Cádiz
Córdoba
Huelva
Sevilla

NUTS3 PORTUGAL

NORTE

Alto Minho
Cávado
Ave
Área Metropolitana Porto
Alto Tâmega
Tâmega e Sousa
Douro
Terras de Trás-os-Montes

CENTRO

Beira Baixa
Beiras e Serra da Estrela
Médio Tejo
Oeste
Região de Aveiro
Região de Coimbra
Região de Leiria
Viseu Dão-Lafões

ALENTEJO

Alentejo Litoral
Baixo Alentejo
Alto Alentejo
Alentejo Central

ALGARVE

Algarve

PROXECTO POCTEP – ACTUACIONES



CREACIÓN DO GRUPO DE TRABALLO COAS CADEAS DE VALOR ESTRATÉXICAS

- Identificación das cadeas de valor estratéxicas dos territorios
- Creación de grupos de traballo sectoriais
- Desenvolvemento da folla de ruta conxunta



PLAN DE EXPLOTACIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS MINEIROS


- Sistemas de información: elaboración dunha cartografía que identifique os recursos
- Elaboración dun plan de explotación sostible dos recursos
- Análise e estimación da cantidade de recursos / reserva estimada

PROXECTO POCTEP – ACTUACIÓN



AXENDAS SECTORIAIS TRANSFRONTEIRIZAS

- Desenvolvemento dunha unidade de identificación de oportunidades de negocio vinculada ás cadeas de valor estratéxicas
- Redacción de axendas sectoriais
- Foros sectoriais



PROXECTOS PILOTO REXIONAIS

- Deseño e desenvolvemento dos pilotos
- Execución e avaliación dos pilotos
- Intercambio de experiencias/resultados dos pilotos

CALES SON AS FUNCIONS DA OIPE?



Asistencia á Administración autonómica para fomentar a creación de emprego e o impulso da innovación

A **posta en común** de todas as actuacións que vai levar a cabo a OIPE, desde a detección de necesidades ata a posta en marcha de iniciativas, permitirá asistir á Administración para a toma de decisións en materia de financiamento e procesos de compra pública innovadora.

QUE SERVICIOS PRESTA A OIPE ÁS EMPRESAS?

A OIPE facilita información técnica sobre as principais liñas de financiamento europeas, identificando proxectos estratéxicos e dotando as empresas do sector das ferramentas e os recursos necesarios para facer uso dos fondos na mellora da sostibilidade e a competitividade da industria mineira galega mediante:


- **Participación en consultas** sobre as necesidades e as demandas do sector.
- **Servizo de consultoría continuado** e asistencia na preparación e a presentación de proxectos de interese.
- **Boletín informativo** sobre as novidades en materia de financiamento europeo. **Subscríbete!**
- **Xornadas informativas**, *networking*, creación de consorcios e organización de obradoiros para iniciativas específicas.




Cámara Oficial
Mineira de Galicia

POÑENDO EN VALOR A MINERÍA GALEGA, SÍMBOLO DA IDENTIDADE GALEGA.

 Rúa Juana Capdevielle, n.º 2 (Edificio Expocoruña)

 camaraimpuls@camaraminera.org

 +34 635 559 698

Faite membro da COMG para aproveitar todos os **beneficios da OIPE**

